

E-Portfolios no EEES

José Vicente Novegil Souto

Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo. E-mail: vnovegil@uvigo.es

Resumo: No EEES, o *e-portfolio* constitúe unha metodoloxía holística para a avaliación auténtica e a titorización do proceso de ensino e aprendizaxe. Pode ser utilizado como ferramenta para a mellora continua da calidade.

Palabras chave: Avaliación auténtica, EEES, *e-portfolio*, mellora da calidade, titorización.

Title: E-Portfolios in the ESHE (European Space of Higher Education).

Abstract: Within the EEES, an e-portfolio constitutes a holistic methodology, for purposes of authentic assessment and tutoring in the learning and teaching process. It can be seen as a continuous quality improvement tool.

Key words: authentic assessment, EEES, e-portfolio, quality improvement, tutoring.

Que é un *e-portfolio*?

No proceso de ensino-aprendizaxe (E/A) un *e-portfolio* é unha selección de traballos do estudante que relata de modo reflexivo o progreso conseguido no proceso, nunha área específica. Esta selección de traballos está centrada nas decisións e reflexións relativas á aprendizaxe que fai explícitas o estudante en relación a contidos e documentos que presenta para a súa avaliación que tamén han ter os seus fundamentos nos referentes da materia que, pola súa banda, son as competencias que se pretenden asumir e nos criterios de avaliación que guiarán o seguimento formativo do profesor e o xuízo dos méritos conseguidos por parte do estudante (Barberá, 2005).

Os [portfolios dixitais](#) reformulan o *portfolio* tradicional tal e como era concibido por artistas ou no mundo empresarial. Agora as evidencias electrónicas e [multimedia](#) poden ser: documentos de texto, pdf, arquivos de imaxe, [podcasts](#), entradas de [blogs](#), [wikis](#), hipervínculos, etc. A demostración das habilidades do usuario poden manterse dinamicamente a través do tempo (*life long learning*). Algunhas aplicacións do *e-portfolio* permiten a variación de graos de acceso de diferentes audiencias e deste xeito o mesmo *e-portfolio* pode ser usado con múltiples propósitos.

Os *e-portfolios* teñen utilidade non só para os estudantes. Os docentes e mesmo as institucións poden tirar partido do seu uso. No que respecta aos profesores permiten mostrar a súa calidade profesional e o grao de cumprimento de obxectivos acadados a través do [e-portfolio de curso](#). Máis especificamente e de forma persoal un [e-portfolio de profesor](#) concíbese como exposición dos méritos docentes a través de un período de tempo determinado. O *e-portfolio* permite a acreditación profesional mediante a calidade do proceso.

A utilidade dun *e-portfolio* no proceso de ensino e aprendizaxe

A potencialidade dun *e-portfolio* usado no proceso E/A está en función do propietario do *portfolio*, condicionado a unha audiencia para a cal se constrúe. Tamén abarca aspectos de meta-aprendizaxe, promove unha actitude reflexiva do estudante cando se pregunta: en que medida estou a acadar as competencias?

Os *e-portfolios* permiten que os estudantes se comuniquen cos seus instrutores, teñan información escolar e amosen exemplos do seu traballo e competencias a empregadores potenciais. Os *e-portfolios* de profesores permiten capturar e compartir métodos de ensino e avances na súa pedagogía para obteren unha promoción. As universidades utilizan *e-portfolios* institucionais para proporcionar acceso ás súas coleccións de datos, almacenalos, analizalos, e exemplificar as achegas dos seus estudantes e da facultade para demostrar o seu éxito institucional. [EDUCAUSE \(2007\)](#) (par.1).

En relación coa reflexión, o estudante autoxestiona regulando a súa aprendizaxe presencial e autónoma. O alumno aprende a aprender. Melloran as actitudes pola toma de conciencia na que o alumno asume a responsabilidade da súa propia aprendizaxe. Centrados no proceso E/A os *portfolios* dixitais contemplan aspectos de titorización e avaliación. Para isto necesítase a concorrencia de:

PARTICIPACIÓN activa e reflexiva do estudante, que asume a responsabilidade do seu proceso de aprendizaxe ao construír o *e-portfolio*.

RETROALIMENTACIÓN para a mellora continua do proceso. Esta *retroalimentación* pode ser proporcionada no básico polo profesor pero tamén por outros alumnos, a propia institución, etc. Con esta *retroalimentación* continua o alumno aprende a aprender.

O ciclo continuado Aprendizaxe-Reflexión-*Retroalimentación* que introducimos a través do proceso E/A permite incorporar a mellora da calidade do mesmo xeito que se utiliza o [Ciclo de Deming](#). A *retroalimentación* e a participación activa-reflexiva son signos distintivos dun *e-portfolio* fronte a un currículo tradicional.

Tendo en conta que hai [diferentes tipos](#) un *e-portfolio* deberá proporcionar unha visión realista do proceso de desenvolvemento de competencias dos estudantes e a tradución dos progresos nunha cualificación obxectiva a través das rúbricas.

O e-portfolio no EEES

O papel central do *e-portfolio* é pór de manifesto e en valor as competencias e habilidades alcanzadas. No *portfolio* dixital intégranse de forma holística a [titoría personalizada](#) e [avaliación real -formativa/sumativa](#) incorporándose aos aspectos do proceso E/A tanto de aprendizaxe presencial como aprendizaxe autónoma, que require o EEES.

O éxito está en incorporar unha ferramenta que se adapta ao proceso de forma dinámica e onde o estudante é o centro de utilización da propia ferramenta. Facilita a titorización do traballo autónomo permitindo o seguimento, apoio e formación dos estudantes. Tamén, no novo escenario, a formación é un proceso que continúa toda a vida, [long life learning](#), e neste contexto o *portfolio* dixital pode asumir igualmente a dimensión titorizadora-avaliadora creando estándares de referencia que mesmo permiten facilitar o espírito de Boloña nunha Educación Superior sen fronteiras.

Para un exemplo concreto de uso no EEES podemos revisar a experiencia de *e-portfolio* para avaliar-titorizar traballo presencial e autónomo dentro dunha experiencia europea conxunta: Universidade de Vigo - Universidade do Minho (De Sousa-Novegil 2007).

Para saber máis...

Barberá, E. (2005). Calificar el Aprendizaje Mediante la Evaluación por Portafolios. *Perspectiva Educativa*. Nº 45, 69-84.

De Sousa, B. C.; Novegil, J. V. (2007). *A Techno-Pedagogical Design for Assessment within the Bologna Reform: a Cross-Border Experiment*. IASE Satellite Conference On Assessing Student Learning in Statistics. Guimarães.

EDUCAUSE (s. f.). *EPortfolio* Consultado o día 21 de decembro, 2007 en <http://www.educause.edu/ELI/5524>

Novegil, J. V. (2007). *Creating and using an e-portfolio at LMS Claroline*. ACCU 2007: 2d Annual Conference of Claroline Users Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Telecomunicación, Vigo (Spain), May, 23-25, 2007.